**INFORME TÉCNICO RELATIVO** aos criterios de adxudicación NON avaliables mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Xestión do Servizo da Escola Infantil municipal de Salgueiriños CON/39/2012, dos seguintes licitadores:**

1. **FESAN FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISES**
2. **PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL**
3. **SANSIBRAN SL**
4. **SERVICIOS Y MATERIALES SA**
5. **EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA**
6. **AURORA, PILAR Y ANA SL**
7. **LOS PEQUES SL**
8. **ANA NAYA GARCÍA SL**

**Santiago de Compostela, 3 de abril de 2013**

**Dª del Carmen de la Cruz Pérez, con DNI 32.770.720 K e Susana Papín Fernández, con DNI 79.320.489-K,**

De conformidade co acordado pola mesa de contratación da Xestión do Servizo da ***Escola Infantil Municipal de Salgueiriños*** na súa 3ª reunión celebrada o 08-02-2013, acórdase encomendarnos a realización dos informes valorativos das plicas presentadas á licitación de referencia.

O luns 11 de febreiro recóllese a correspondente documentación obxecto de valoración que corresponde, de acordo coa Acta da 3ª Reunión da Mesa de Contratación, co SOBRE Nº 2 Subtitulado: Proposición relativa aos criterios de adxudicación NON avaliables mediante cifras ou porcentaxes para a licitación, mediante procedemento aberto, da contratación de **Xestión do Servizo da Escola Infantil municipal de Salgueiriños CON/39/2012, dos seguintes licitadores:**

1. **FESAN FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISES**
2. **PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL**
3. **SANSIBRÁN SL**
4. **SERVICIOS Y MATERIALES SA**
5. **EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA**
6. **AURORA, PILAR Y ANA SL**
7. **LOS PEQUES SL**
8. **ANA NAYA GARCÍA SL**

Vista a normativa aplicable referida á etapa educativa de Educación Infantil 1º ciclo:

- Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito da asociación
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización Lingüística.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, das bases de réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia
- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servicios sociais
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia.

- Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

- Decreto 29/2011, do 7 de decembro, de atención á diversidade

- Orde do 22 de xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria.

- Orde do 25 de xuño de 2009, polo que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do 2º ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 14 de febreiro de 2013, pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 dependentes desta Consellería.

- Regulamento da Escola Infantil Municipal de Conxo, publicado no BOP de A Coruña do 11 de agosto de 2004.

Visto o "Prego de prescripcións técnicas para a contratación da xestión do servizo público da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños" e o "Prego de de Cláusulas administrativas particulares para a contratación, mediante procedemento aberto da xestión do servizo da Escola Infantil de Salgueiriños", aprobados pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago na sesión celebrada o 12 de novembro de 2012.

Vista e analizada de xeito minuciosa a documentación presentada no sobre número 2 polos licitadores admitidos pola Mesa de Contratación, resulta que:

1- Toda as ofertas inclúen un Proxecto Educativo e de Xestión, que se solicita con carácter obrigatorio, coa seguinte estrutura e epígrafes:

**I. Análise do contexto.**

a. Características do centro.

| |
|---|
| Titularidade e financiamento. |
| Número de unidades. |
| Situación xeográfica. |
| Descrición breve das instalacións. |
| Servizos que se ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos. |
| Proxección social do centro na zona. |
| Recursos e materiais. |
| Calendario e organización do horario. |

b. Características do alumnado.

| |
|---|
| Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos. |
| Tipo de relacións entre o alumnado. |
| Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta. |
| Procedementos de información ás familias. |

c. Características do persoal que traballará no centro.

| |
|---|
| Número e funcións. |
| Formación e mecanismos de formación do persoal. |
| Forma de traballar, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal. |

d. Características do contorno.

| |
|---|
| Situación. |
| Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas. |
| Lingua empregada. |
| Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas. |
| Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros. |
| Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural. |

**II. Definición da escola.**

| |
|---|
| Confesionalidade da escola. |
| Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística |
| Liña metodolóxica e criterios de avaliación |
| Coeducación: a educación para a igualdade. |
| Relación coas familias e colaboración cos pais e nais. |

**III. Obxectivos.**

| |
|---|
| Pedagóxicos |
| Administrativos |
| Organizativos. |
| Institucionais. |
| Lingüísticos. |

**IV. Estrutura organizativa.**

Organización do centro para o logro dos obxectivos.

| |
|---|
| Órganos unipersoais e colexiados. |
| Asignación de educadores aos grupos. |
| Número de educadores por grupo. |
| A dimensión do grupo. |
| A composición do grupo. |
| A titoría na escola infantil. |
| A utilización dos espazos escolares. |
| O equipamento e os recursos necesarios para a execución da oferta presentada |

2- Respecto do Proxecto educativo presentado pola empresa "Los Peques SL", damos traslado para a súa toma en consideración á Mesa de Contratación do seguinte feito: esta proposta recolle literalmente no apartado IV. Estrutura Organizativa, "Número de educadores por grupo": "O número de educadores de cada un dos grupos (...) todas as profesoras son especialista en educación infantil. Mirar nas melloras" (páx. 40), incumprindo o establecido no "Prego de prescripcións técnicas para a contratación da xestión do servizo público da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños que rixen este proceso "Non se incluirá neste proxecto educativo, ningunha referencia, sequera tanxencial, ás condicións económicas do contrato ou ás melloras que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. Así, non se fará referencia ó persoal que supoña unha mellora sobre o mínimo definido neste prego, ou a un posible plan de integración, ou a obradoiros ou actividades extras que se pretendan incluir posteriormente como mellora. O incumprimento deste requerimento será motivo de exclusión da licitación" (páx. 14). Tendo en conta que este feito foi detectado no último apartado, acordouse, previa consulta telefónica cos Servizos de Contratación, continuar coa lectura e valoración da oferta deste licitador.

3- Con carácter xeral, temos que deixar constancia dunha serie de aspectos que se extraen logo dunha lectura individual e comparativa dos Proxectos Educativos e de Xestión:

   a. Escasa contextualización dos proxectos relacionados coa Escola Infantil Municipal de Meixonfrío- Salgueiriños. Non atopamos ningún proxecto educativo e de xestión que no seu deseño reflicta a concreción dun proxecto propio e persoal deste equipamento infantil municipal.
   b. Na redacción, apreciamos: erros de identificación da escola, facendo referencia a outras escolas como Conxo ou Mugardos; de transcrición e redacción, que dificultaron a lectura e compresión do exposto.

4- Acordamos, como tandem técnico, unha metoloxía de análise e valoración dos proxectos educativos e de xestión, cunha primeira lectura individual de cada un dos apartados con respecto as 8 ofertas, recollendo neste documento, os aspectos relevantes de cada un deles que ían ser obxecto de valoración e que permitiran comparar a consecución duns mínimos esixidos, de acordo coa normativa legal e as preinscricións técnicas. Garantindo que todas as ofertas, cumpriran cuns mínimos, estableceuse que a medida das valoracións gardaría relación co nivel establecido polas propostas presentadas e

non sempre co nivel que este tipo de prestación de servizo deberá de garantir, tanto no seu aspecto educativo como de xestión.

Atendo a que os criterios para a adxudicación aos que se refire o "Sobre Nº 2" o respecto das ofertas presentadas son de tipo NON avalibles mediante cifras ou porcentaxes, presentamos:

1- Análise do Proxecto Educativo e de Xestión, estruturado por licitador e por cada un dos 4 apartados.

2- Táboa comparativa de puntuacións acadadas polos distintos licitadores só nos apartados puntuables.

# 1. ANÁLISE DO PROXECTO EDUCATIVO E DE XESTIÓN

# I. ANÁLISE DO CONTEXTO

## A) Características do centro

### OFERTA PRESENTADA POR FESAN FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISES

A empresa FESAN presenta unha estrutura no que se recollen todos os apartados establecidos no *Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto da xestión do servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* ( en adiante PCA) e *Prego Técnico que rexe a xestión do Servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* (en adiante PT)

**Titularidade e financiamento**
O licitador describe ambos aspectos cingíndose ao PT e PCA.

**Número de unidades**
Sinala o número de unidades, a súa distribución e a ratio de prazas asignadas. Se ben non indica a capacidade máxima simultánea da escola neste aparatado si o recolle no apartado "Características do alumnado (b1)".

**Situación xeográfica**
Está indicada a nivel de rúa.

**Descrición breva das instalacións**
Recolle unha breve descrición, tanto das instalacións da escola, como da superficie construída e exterior de xogo.

**Servizos que se ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativo dos mesmos**
Como servizos propón: "escola infantil", "atención aos nenos no comedor", "atención psicopedagóxica", "actividades extraescolares" e "horario ampliado", describindo para cada un destes servizos as características, actividades e incluso nalgúns casos horarios de prestación dos mesmos. Cómpre destacar a proposta dun servizo de atención psicopedagóxica e de incluír entre as actividades extraescolares a escola de pais, a páxina web ou nas propias actividades educativas a iniciación da terceira lingua do inglés e as novas tecnoloxías.

**Proxección social do centro na zona**
A empresa recolle a función educativa e social da escola e a propón como recurso de primeira orde para a conciliación de vida laboral e familiar dos pais.

**Recursos e materiais**
Cun carácter moi xeral indica que contarase cos recursos existentes no centro, engadindo, segundo se considere, programacións didácticas, xogos e materiais de reciclaxe e equipos de psicomotricidade, ademais de dotar co material necesario para os primeiros auxilios. Neste apartado non se indica que medios materiais achegará de forma gratuita e non indica cales serían as aportacións das familias, se é o caso, respecto da achega de materiais para desenvolver o proxecto curricular e en xeral, a actividade diaria na escola, que se recollen no PT.

**Calendario e organización do horario**
Preséntase un horario orientativo, especificando os horarios e tipo de actividades para cada un dos tramos, axustado ao PT e conforme ao calendario establecido. Non indica a existencia dun horario ordinario de setembro a xuño e un horario adaptado en xullo e agosto. Cómpre destacar a concreción dun calendario de actividades temáticas, estruturado por meses e a organización da xomada, segundo os espazos, tempos e recursos para cada momento que permite ter unha visión completa deste apartado.

## OFERTA PRESENTADA POR PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, SL

A empresa Promoción de la Formación Las Palmas SL, presenta unha estrutura no que se recollen todos os apartados establecidos no *Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto da xestión do servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* ( en adiante PCA) e *Prego Técnico que rexe a xestión do Servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* (en adiante PT)

**Titularidade e finaciamento**
Cínguese ao establecido no PT e PCA.

**Número de unidades**
Indica o número de unidades, a súa distribución por idades, o número total de prazas, non indicando a ratio por aulas.

**Situación xeográfica**
Recolle a rúa na que está o centro e a súa proximidade ao Polígono do Tambre.

**Descrición breve das instalacións**
Responde dun xeito moi breve, sinalando as diferentes estancias nas que se divide a instalación educativa.

**Servizos que ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos**
Os servizos propostos, sen entrar o licitador a unha descrición polo miúdo, son: "servizo educativo xeral", "servizo de horarios ampliados", "servizo de comedor de elaboración propia", "programas de atención e participación familiar" e "formación integral á familia".

**Proxección social do centro na zona**
Define a etapa da educación infantil de acordo coa LOE e os decretos que a regulan, sinalando as funcións asistencial e educativa da escola, como mecanismo de conciliación laboral.

**Recursos e materiais**
A proposta indica que a escola conta cunha moderna e variada gama de recursos e materiais. Recolle os principios de accesibilidade, localización, seguridade, limpeza e manexabilidade, dos materiais e engaden ademais que contarase con aqueles materiais da vida cotiá que posibiliten ao neno experiencias enriquecedoras. Neste apartado, non se indica que medios materiais achegará de forma gratuíta e non indica cales serían as aportacións das familias, se é o caso, respecto da achega de materiais para desenvolver o proxecto curricular e en xeral, a actividade diaria na escola, que se recollen no PT.

**Calendario e organización do horario**
Recolle os aspectos establecidos no Regulamento de Réxime Interno aprobado polo Concello con carácter xeral con respecto o calendario e a súa organización, estruturando nun cadro o horario de funcionamento da escola, sen indicar o tramo horario das distintas xornadas posibles para os usuarios.

## OFERTA PRESENTADA POR SANSIBRÁN SL

A empresa SANSIBRÁN SL, presenta unha estrutura no que se recollen todos os apartados establecidos no *Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto da xestión do servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* ( en adiante PCA) e *Prego Técnico que rexe a xestión do Servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* (en adiante PT)

**Titularidade e financiamento**
A oferta indica que "a titularidade correrá a cargo dunha empresa privada, Sansibrán, SL e a financiación será propia". Dita manifestación non responde ao establecido nos PCA e PT.

**Número de unidades**
Indica o número total de unidades (9) e a súa distribución por aulas, sinalando que a capacidade da escola é de 123 alumnos/as.

**Situación xeográfica**
A empresa SANSIBRÁN, recolle os datos xeográficos sobre habitantes na zona norte de Santiago, número de vivendas e enumera os barrios que a conforman.

**Descrición breve das instalacións**
Ofrece unha descrición visual das distintas instalacións da escola, non sinalando datos de superficie.

**Servizos que ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos**
Propoñen: "servizo de comedor" (que abrangue a comida e a merenda), "plan de madrugadores", "servizo de psicomotricidade", "servizo de talleres" (impartidos polo propio profesorado), "ensinanza musical integrada na organización xeral da escola", "servizo psicopedagóxico" (a cargo da escola) e "ensinanza de ingles", desde o primeiro ano de vida. Excepto no caso do comedor, onde si se destacan os seus aspectos educativos, no resto dos servizos só os cita sen entrar na súa descrición.

**Proxección social do centro na zona**
Neste apartado o licitador identifica a proxección social coa conciliación da vida laboral e familiar dos pais. Para establecer relacións coa comunidade para o intercambio de experiencias, fomentará talleres para a preparación de eventos que haxa na escola e as saídas para coñecer a contorna, utilizando os servizos do Concello.

**Recursos e materiais**
Indica, con carácter xeral, os distintos materiais recollidos no Anexo I do PT, que se poden atopar nas diferentes aulas e noutros espazos da escola. Neste apartado non se indica que medios materiais achegará de forma gratuíta e non indica cales serían as aportacións das familias, se é o caso, respecto da achega de materiais para desenvolver o proxecto curricular e en xeral, a actividade diaria na escola, que se recollen no PT.

**Calendario e organización do horario**
Distribúen o calendario de acordo co establecido no PT, indicando o horario completo de funcionamento da escola. Presentan un exemplo de organización do horario por aulas, que abrangue de 10 ás 18 h. Non especifica neste apartado a organización e o contidos do horario do plan de madrugadores que a empresa recolle no apartado de servizos, así como de 18 ás 20,30 h, e as distintas xornadas.

## OFERTA PRESENTADA POR SERVICIOS Y MATERIALES , SA

A empresa Servicios y Materiales, SA presenta unha estrutura no que se recollen todos os apartados establecidos no *Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto da xestión do servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* ( en adiante PCA) e *Prego Técnico que rexe a xestión do Servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* (en adiante PT)

**Titularidade e financiamento,**
O licitador cínguese ao establecido nos PT e PCA.

**Número de unidades**
De acordo co PT indican o número de unidades, a ratio de prazas de cada unha, a organización por idades e sinalan que hai 123 prazas a xornada completa.

**Situación xeográfica**
Indica a rúa e o barrio onde está a escola municipal.

**Descrición breve das instalacións**
Indica a superficie construída, útil do equipamento, presentando un cadro resume das diferentes dependencias.

**Servizos que ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos**
Establece e define ampliamente os aspectos educativos dos 5 servizos que propón: "servizo de comedor" (almorzo, xantar e merenda), "atención para os nenos que non comen na escola", "servizo sesta", "biblioteca" e "escola de Pais e Nais".

**Proxección social do centro na zona**
Recolle que a escola infantil terá grandes implicacións na vida da zona, a través da celebración de festas, saídas, participación social do contorno, pequenas exposicións dos traballos dos nenos, e de apertura ao contorno, coa programación de actividades e saídas que promovan o coñecemento dos servizos, das infraestruturas e dos monumentos do Concello. Sinalan a doble necesidade educativa, por unha banda da iniciar o neno no coñemento do seu contorno, e fortalecer a imprescindible relación do centro e o núcleo sociocultural no que está inmerso, xustificando os aspectos educativos destas actividades.

**Recursos e materiais**
A empresa indica que se adaptará ao equipamento xa presente na escola (Anexo I do PT) mellorando sempre que sexa necesario o equipamento existente. Neste apartado non se indica que medios materiais achegará de forma gratuíta e non indica cales serían as aportacións das familias, se é o caso, respecto da achega de materiais para desenvolver o proxecto curricular e en xeral, a actividade diaria na escola, que se recollen no prego técnico. Se ben no apartado IV. "Estrutura organizativa" cando fai referencia aos recursos necesarios establece que "as familias usuarias da El non terán que aportar ningún material específico nin pagar ninguha cuota especial, nin mandilon, uniforme. SERMASA aportará o material de papelería para actividade diaria" (pax.59 da proposta presentada).

**Calendario e organización do horario**
Establece que a escola municipal infantil prestará o seu servizo tal cual se recolle no Regulamento de Réxime Interno, especificando horarios, calendario, propoñendo modelos de horarios xerais por aula, dende ás 7,30 ata ás 20,30h, detallando as actividades diarias que se fan ao longo da xornada e a súa xustificación educativa.

## OFERTA PRESENTADA EULEN. SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA

A empresa Eulen. Servicios Sociosanitarios SA, presenta unha estrutura no que se recollen todos os apartados establecidos no *Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto da xestión do servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* ( en adiante PCA) e *Prego Técnico que rexe a xestión do Servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* (en adiante PT)

**Titularidade e financiamento**
A oferta presenta dun modo axeitado aos pregos os aspectos relacionados con este apartado.

**Número de unidades**
Presenta nun cadro o número de unidades, a ratio, as idades e a capacidade máxima de presenza simultánea. Cómpre destacar a referencia o número de prazas que ocupan os nenos/as con NEE.

**Situación xeográfica**
Localiza xeograficamente a escola na zona norte de Santiago, indicando os barrios limítrofes e a proximidade aos Polígonos Industrias do Tambre e de Costa Vella. Ilustra este apartado cunha imaxe e os datos básicos de localización.

**Breve descrición das instalacións**
A empresa presenta unha proposta descritiva e completa das diferentes estancias deste equipamento educativo.

**Servizos que se ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos**
A proposta propón tres servizos: "servizo educativo"; "servizo de atención no comedor" e os "servizos complementarios" (como festas, saídas, e exposicións), cunha breve descrición dos mesmos e dos seus aspectos educativos.

**Proxección social do centro na zona**
Indica a vinculación da escola co programa Urbana-Santiago Norte como infraestrutura para propiciar a conciliación familiar e laboral e equilibrar o desenvolvemento desta zona co resto da cidade, cumprindo a súa función educativa e social.

**Recursos e materiais**
Sinala que a escola infantil contará con todo tipo de materiais necesarios que haberán de ser adaptados as necesidades e capacidade dos nenos, sinalando os criterios de accesibilidade e visibilidade dos mesmos, e unha clasificación dos xogos e xoguetes en diferentes áreas de desenvolvemento. Neste apartado non se indica que medios materiais achegará de forma gratuita e non indica cales serían as aportacións das familias, se é o caso, respecto da achega de materiais para desenvolver o proxecto curricular e en xeral, a actividade diaria na escola, que se recollen no prego técnico.

**Calendario e organización do horario**
Describe axeitadamente o calendario e a organización do horario, especificando claramente o tipo de xornadas. A proposta engade dentro do servizo de atención no comedor as recomendacións para as ceas.

## OFERTA PRESENTADA POR AURORA, PILAR Y ANA, SL.

A empresa Aurora, Pilar y Ana, SL, presenta unha estrutura no que se recollen todos os apartados establecidos no *Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto da xestión do servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* ( en adiante PCA) e *Prego Técnico que rexe a xestión do Servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* (en adiante PT)

**Titularidade e Financiamento**
Responde a este apartado de acordo cos PC e PCA.

**Número de unidades**
Indica a capacidade total da escola, a distribución por aulas, idades, e as ratios de acordo co PT.

**Situación xeográfica**
Sinala a rúa no que está situada a EIM de Meixonfrío.

**Descrición breve das instalacións**
Fai referencia ao seu arquitecto e a súa concepción como locomotora, recollendo as dimensións das dependencias de acordo co PT. Sinala a superficie útil total.

**Servizos que se ofrecen.Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos**
Propón os seguintes servizos: "servizo educativo, asistencial e social" ( indicando as súas funcións); "atención psicopedagóxica" (definido como un servizo de apoio ao profesorado e as familias, que realizará entre outras tarefas, a elaboración das adaptacións curiculares) e o "servizo de comedor" (que será xestionado pola empresa Serunión, indicando: os obxectivos educativos e nutricionais, os horarios do almorzo, tentempé da maña, xantar e merendas, destacando a importancia da información ás familias sobre os menús mensuais, e da aprendizaxe de hábitos e estilos de vida saudables).

**Proxección social do centro na zona**
O licitador entende o contorno como parte importante nas aprendizaxes, pretendendo educar os alumnos no coidado e mellora do medio ambiente e que os nenos/as coñezan o mundo do traballo. Propoñen como estratexias a invitación dos pais, nais e outras persoas do contorno a que se acheguen a escola para falar dos seus traballos respectivos. Destacan que "non so queremos enxerirnos no contorno, queremos tamén influir nel de forma positiva...pretendemos que os nenos desenvolvan unha serie de valores coidado do entorno, solidariedade, respecto, tolerancia...que contribúan a sensibilizar...".

**Recursos e materias**
Describe dende unha perspectiva teórica a concepción dos recursos e materias presentes nun contexto educativo, non facendo referencia aos recollidos no PT. Neste apartado non se indica que medios materiais concretos achegará de forma gratuita e non indica cales serían as aportacións das familias, se é o caso, respecto da achega de materiais para desenvolver o proxecto curricular e en xeral, a actividade diaria na escola, que se recollen no PT.

**Calendario e organización do horario**
Sinala con carácter xeral o calendario de funcionamento da escola, o horario xeral, distinguindo o tipo de xornadas, especificando horarios para cada unha delas, de acordo co PT.

## OFERTA PRESENTADA POR LOS PEQUES SL

A empresa Los Peques SL presenta unha estrutura no que se recollen todos os apartados establecidos no *Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto da xestión do servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* ( en adiante PCA) e *Prego Técnico que rexe a xestión do Servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* (en adiante PT)

**Titularidade e financiamento**
Responde a este apartado de acordo co establecido no PT e PCA pero ademais sinala nas diferentes fontes de financiamentos, as subvencións que recibe o Concello da Xunta.

**Número de unidades**
Indica o número de unidades, a súa distribución por idades, de acordo co PT, non indicando nin o número total do alumnado nin a ratio dispoñible para cada unha delas.

**Situación xeográfica**
Localiza a escola no barrio de Salgueiriños, sinalando a rúa, recollendo datos de superficie e poboación do Concello, ademáis do número de parroquias.

**Descrición breve das instalacións**
Describe detallamente as instalacións educativas, a súa distribución e completa con datos xerais da superficie.

**Servizos que ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos**
Propón como servizos: "servizo de comedor", "escola de verán" "servizo de orientación pedagóxica", "escola de pais nais", "excursións e obradoiros", descritos cun carácter moi xeral.

**Proxección social do centro na zona**
O licitador entende como mecanismos de proxección a relación da escola co movemento asociativo e a rede de centros educativos, propoñendo un modelo de escola solidaria.

**Recursos e materiais**
Presenta unha clasificación detallada dos recursos e dos materiais, de acordo co Anexo I do PT Neste apartado non se indica que medios materiais concretos achegará de forma gratuíta e non indica cales serían as aportacións das familias, se é o caso, respecto da achega de materiais para desenvolver o proxecto curricular e en xeral, a actividade diaria na escola, que se recollen no PT.

**Calendario e organización do horario**
Cínguese ó horario e ao calendario xeral da escola, non facendo referencia a programación diaria, a súa distribución por aula, nin o tipo de xornadas e servizos que se prestan.

## OFERTA PRESENTADA POR ANA NAYA GARCÍA, SL

A empresa Ana Naya García SL presenta unha estrutura no que se recollen todos os apartados establecidos no *Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a contratación mediante procedemento aberto da xestión do servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* ( en adiante PCA) e *Prego Técnico que rexe a xestión do Servizo da Escola Infantil Municipal de Salgueiriños* (en adiante PT)

**Titularidade e financiamento**
Responde a este apartado, de acordo co establecido no PT e PCA.

**Número de unidades**
Neste apartado non se recolle o número de unidades, a ratio nin a súa distribución por idades, só fai referencia a idade de escolarización que atende esta escola.

**Situación xeográfica**
Ubica a rúa onde está a escola.

**Descrición breve das instalacións**
Enumera as distintas dependencias do centro.

**Servizos que ofrecen. Desenvolvemento e aspectos educativos dos mesmos**
Propón, cun carácter moi xeral e sen entrar ao seu denvolvemento, os seguintes servizos: "servizo asistencial", "educativo" e de "comedor" (almorzo, xantar e merenda), recollendo un decálogo de valores ou principios referidos a xestión, a información, a educación e as relacións na escola.

**Proxección social do centro na escola**
Sinala a función social e educativa da escola cun carácter moi xeral, non concretando ningún tipo de accción para materializar dita función.

**Descrición breve das instalacións**
Neste apartado só fai referencia a que o Concello proporciona as instalacións e diversos recursos e materiais didácticos (sen facer referencia ao Anexo I do PT). A empresa con carácter xeral, proporcionará o material didáctico educativo, lúdico e funxible segundo a oferta presentada, sen entrar a detallalo neste apartado. Indica literalmente que "o custo das actividades complementarias serán aboadas polos pais", sen entrar a detallar que entende por actividades complementarias.

**Calendario e organización do horario**
Sinala o calendario xeral establecido no regulamento, non indicando a súa organización diaria nin por aula, sen especificar tampouco o tipo de xornadas e prestación dos servizos.

## TÁBOA DE PUNTUACIÓNS ACADADAS POLOS DISTINTOS LICITADORES NO APARTADO:

### A) Características do centro

| CRITERIOS NON AVALIBLES MEDIANTE CIFRAS | | PUNTUACIÓN MÁXIMA | LICITADORES E PUNTUACIÓN ACADADA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | I. ANÁLISE DO CONTEXTO | | FESAN-FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES | PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL | SANSIBRÁN SL | SERVICIOS Y MATERIALES S.A | EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA | AURORA, PILAR Y ANA SL | LOS PEQUES, SL | ANA NAYA GARCÍA SL |
| CARATERÍSTICAS DO CENTRO: Máximo 5 puntos | SERVIZOS QUE SE OFFRECEN. DESENVOLVEMENTO E ASPECTOS EDUCATIVOS DOS MESMOS | 2,5 | 2,30 | 1,00 | 1,25 | 2 | 1,25 | 1,25 | 1,25 | 1,00 |
| | PROXECCIÓN SOCIAL DO CENTRO NA ZONA | 0,50 | 0,10 | 0,10 | 0,20 | 0,40 | 0,30 | 0,40 | 0,20 | 0,10 |
| | CALENDARIO E ORGANIZACIÓN DO HORARIO | 2,00 | 1,75 | 1,50 | 1,50 | 1,90 | 1,90 | 1,50 | 0,70 | 0,70 |
| PUNTUACIÓN | | 5 | 4,15 | 2,60 | 2,95 | 4,30 | 3,45 | 3,15 | 2,15 | 1,80 |

CONCELLO DE SANTIAGO

## B) Características do alumnado

### OFERTA PRESENTADA POR FESAN FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISES

**Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos**
O licitador indica o número máximo de prazas (123), as unidades (9), a distribución das mesmas e as idades. Engaden que cada ano a distribución das unidades axeitaranse en función da demanda, sempre en cumprimento do número de prazas establecido pola normativa.

**Tipo de relacións entre o alumnado**
Sinala o papel significativo das relacións entre o alumnado. Para facilitar este tipo de relacións, o persoal da escola creará espazos e climas de traballo onde se garanten os adecuados canais de comunicación.

**Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta**
Esta empresa expón as liñas xerais de atención dos nenos con NEE, facendo referencia a que no sobre C- no apartado de melloras- se solicita un plan de atención a diversidade polo que non consideran oportuno detallalo neste punto. A proposta recolle que a diversidade é intrínseca da fase da educación infantil e que desde o centro adoptaranse as medidas para identificar e tomar as medidas necesarias. Engaden ademais: que un neno con NEE ocupará 2 prazas, que o neno se intregrará no seu grupo e contará coa intervención dun pedagogo- terapéutico na aula. A flexibilidade da temporalización e das unidades didácticas, permitirá traballar con estes nenos/as. Indica os principios para a integración e recolle as medidas para acadalos.

**Procedementos de información ás familias**
A proposta presentada recolle un ampla descrición dos mecanismos de comunicación e de relación entre a escola infantil e as familias: entrevista inicial, entrevista individual, contactos diarios (diarios de ida e volta), reunións xerais e de nivel, informes, enquisas, titorias, circulares e páxina web. Cíñese ao establecido no PT no apartado de atención ás familias e de participación dos pais e nais.

### OFERTA PRESENTADA POR PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS, SL

**Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos**
A oferta recolle como número máximo de alumnos 123, cunha distribución por aulas e idades concordantes co regulamento, non indicando a ratio de alumnos/as por aula. Sinala que respetará as agrupacións existentes para este curso escolar pero como norma xeral, define os criterios para a distribución dos alumnos/as.

**Tipo de relacións entre o alumnado**
Define a importancia das relacións entre os compañeiros, xustificando que é fundamental para favorecer a convivencia e as relacións positivas entre o grupo. Propón estratexias tales como xogos colectivos dentro do grupo ou actividades internivelares.

**Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta**
Sen definir neste apartado que entende por nenos/as con NEE, propón un tratamento inclusivo da diversidade e das NEE. Indica como apoios a presencia no equipo de 2 educadoras con formación específica, a colaboración co persoal dos Servizos Sociais e de Educación do Concello de Santiago de Compostela, ademais da formación de todo o equipo educativo da escola, en relación coas adaptacións curriculares. Esta formación será desenvolvida por profesionais externos especializados. Ademais, dispoñen dun gabinete de asesoramento psciopedagóxico que estará en contacto coa escola.

**Procediemento de información ás familias**
Recolle nun cadro especifica os mecanismos de comunicación coas familias establecidas no PT. Non fai referencia a reunión cos pais ao final do curso nin garantiza o sistema de comunicación diario coa familia, mediante o caderno ou folla diaria, aínda que si propoñen outras canles de información tales como o cuestionario para a recollida de información, as noticias da escola, os avisos de información, entre outros.

## OFERTA PRESENTADA POR SANSIBRÁN SL

**Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos**
Indica, de acordo co PT, que contarán con 123 alumnos/as en presenza simultánea, repartidos por ratios, aulas e idades. Indica os obxectivos que deben guiar os agrupamentos e sinala o criterio de organización por idade.

**Tipo de relacións entre o alumnado**
Destaca a importancia da relación entre iguais, desde una perspectiva de interación construtivista, favorecedora do incremento das habilidades sociais e o control dos impulsos agresivos, elemento esencial para o desenvolvemento cognitivo, social, a solución de conflitos, a autonomía e o rendemento dos alumnos. Non indica estratexias concretas para conquerir estas relacións.

**Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta**
Tomando como referencia o marco lexistativo nesta materia, indica o modelo de atención a seguir con nenos/as con NEE, baseado nos principios de integración e normalización. Definen que entenden por nenos e nenas con NEE e non concreta a súa integración na escola nin os apoios cos que contará.

**Procedementos de información ás familias**
Recolle de maneira completa os diferentes mecanismos de comunicación coas familias, incluíndo como novidades a axenda viaxeira, na que se recollan as fotografías, os primeiros trazos, as primeiras palabras na vida escolar do neno. Non especifica, neste apartado, as estratexias de participación dos pais e nais a través das ANPAS ou calquera outra formula representativa ou de asociación.

## OFERTA PRESENTADA POR SERVICIOS Y MATERIALES , SA

**Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos**
A proposta indica nun cadro o número de alumnos por aula, idades e un agrupamento con carácter xeral, sinalando que dito agrupamento non é algo estático, xa que son moitas as variantes de organización e que estas deben de axustarse ao tipo de actividade a organizar e os fins perseguidos. Neste cadro cómpre sinalar un erro nos tramos de idade.

**Tipo de relacións entre o alumnado**
Recolle actividades da programación e actividades que poñen en relevancia as relacións entre os nenos e as nenas: actividades conxuntas de xeito internivelar, visita a todas as dependencias do centro, festas e saídas, que supoñen convivencias non só entre os nenos senon de toda a comunidade educativa. Sinala que as interaccións precisan ser avaliadas, establecendo catro campos a avaliar.

**Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta**
Cómpre destacar que o plantenxamento e o tratamento do licitador para dar resposta a este apartado é detallado, completo, ben contextualizado e definido.

**Procedementos de información ás familias**
Amparándose no decreto 330/2009, do 4 de xuño, no que se establece o currículo para a educación infantil na nosa comunidade, a proposta resalta a imprescindible implicación da familia no proceso educativo e a responsabilidade do equipo docente de procurar ditas situacións. Recollen as canles de comunicacións establecidos no PT, ademáis de folletos informativos, carteis, circulares, taboleiros de aula, entre outros. Non fan referencia, neste apartado, nin ao caderno de seguemento nin a promoción doutras formas de participación dos pais e nais.

## OFERTA PRESENTADA EULEN. SERVICIOS SOCIOSANITARIOS SA

**Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos**
Indica o número de unidades, a ratio e a distribución por idades, facendo referencia as prazas que ocupan os alumnos con NEE.

**Tipo de relacións entre o alumnado**
Destaca a importancia das relacións entre o alumnado, recollendo diferentes actividades relacionais dentro do grupo de idade e internivelares, a destacar, entre elas, o momento do comedor como oportunidade de interelacións.

**Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta**
Define que entende por nenos e nenas con necesidades educativas especiais, sinalando os apoios cos que se contará e propón un "Programa de Detección e Intervención en posibles trastornos evolutivos", baixo o título "Medrar Xuntos". Dito programa aparece claramente definido e describe a súa metodoloxía pedagóxica.

**Procedementos de información ás familias**
Salienta a importancia da relación entre a familia e a escola e a necesidade de manter unha boa comunicación entre ambas. Ademáis subliña a importancia da intervención dos pais e nais na vida cotiá dende o primeiro contacto coa escola. Sinala como funcións da dirección o fomento da colaboración dos pais e nais, titores e a súa participación. Distingue dous sistemas de comunicación: presencial e non presencial, detallando para cada un, os distintos procedementos de información coas familias, axustándose aos establecidos no PT. Propoñen como novo mecanismo de comunicación o blog. Non sinala neste apartado ningunha formula asociativa de pais e nais.

## OFERTA PRESENTADA POR AURORA, PILAR Y ANA, SL.

**Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos**
A proposta toma como referencia o Decreto 329/2005 para os agrupamentos, a distribución e a ratio de persoal. Neste apartado non recolle expresamente o número de alumnos por aula, as idades e o número máximo de prazas coas que se conta nesta escola.

**Tipo de relacións entre o alumnado**
Recolle unha ampla descrición teórica das relacións que se dan entre o alumnado e os adultos, sinalando un conxunto de estratexias (asambleas, xogos de normas, de resolución de conflictos, murais, etc) para favorecer as relacións dentro da aula, e establecendo os obxectivos das mesmas.

**Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta**
Define que son os nenos con NEE e os niveis de atención, introducindo o concepto de "atención temperá". Indica como criterios de intervención o preventivo e o compensador. Sinala como medidas de intervención para un tratamento personalizado a logopedia, a psicoterapia, a psicomotricidade, entre outros. Contará cos apoios propios e dos servizos externos (servicios sociais do Concello, pediatra, equipos de orientación especifica e servicios de atención temperá).

**Procedemento de información ás familias**
De acordo co PT, recollen os diferentes mecanismos de información ás familias, propoñendo ademais, as listas ou escalas de control, nas que se recollen as condutas do neno en determinadas situacións. Neste apartado non se fai referencia a participación das familias en xuntas de pais nais ou ANPA.

## OFERTA PRESENTADA POR LOS PEQUES SL

**Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos**
De acordo co PT, indica o número máximo de alumnos nunha mesma xornada, as idades, a ratio de cada aula, e como criterio de agrupamento a idade.

**Tipo de relacións entre o alumnado**
Da responsta a este apartado facendo referencia ao plan de adaptación ao centro por parte do alumnado. Non recolle nin o tipo de relacións nin as estratexias a empregar.

**Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta**
A proposta define as necesidades educativas especiais, a súa integración na escola, adoptando as medidas oportunas non só curriculares senon tamén arquitectónicas, de espazos e mobiliario. Propón como apoios, o Departamento de Psicopedagoxía como recurso propio para introducir axustes na planificación educativa e a coordinación cos pais, nais e mestres.

**Procedementos de información ás familias**
Distingue a comunicación coas familias a nivel individual e a nivel grupal. No primeiro caso, non se ciñe a frecuencia establecida no PT porque propón un sistema de comunicación semanal cos pais e nais, a través dun informe e unicamente indica a axenda diaria no caso dos bebes e nos nenos/as de 1-2 anos. Establece que o Departamento de Psicopedagoxía atenderá a cada un dos pais e nais cando estes o precisen ou cando se considere oportuno. A nivel grupal, presta especial atención a comunicación mediante os taboleiros de anuncios que estarán na entrada da escola. Neste apartado non se especifican os mecanismos de participación dos pais e nais tipo xunta de pais ou ANPAS.

## OFERTA PRESENTADA POR ANA NAYA GARCIA, SL

**Número de alumnas e alumnos, idades e agrupamentos**
A proposta cíñese ao establecido no PT, establecendo o número de alumnos/as, a súa distribución por aula e ratio, de acordo co criterio de agrupamento por idade. Sinala ademáis que o Concello poderá variar a distribución das unidades e a súa agrupación, de acordo coa Consellería de Benestar da Xunta de Galicia. Indica o número total de prazas da escola en asistencia simultanea.

**Tipo de relacións entre o alumnado**
Dun xeito moi breve, recolle os valores que se promoverán nas relacións entre o alumnado, sen concretar as estratexias para conquerilo.

**Nenos e nenas con necesidades educativas especiais: como se integran, apoios cos que se conta**
Identifican cun carácter moi xeral, as necesidades educativas especiais que serán atendidas a través dun servizo de atención psicopedagóxico. Sinalan que o modelo de intervención terá un carácter preventivo e compensador, en coordinación co gabinete psicopedagóxico, os servizos sociais do Concello, o colexio, as familias, o pediatra e o Departamento de Atención Temperá da zona.

**Procedementos de información ás familias**
Enumera os mecanismos de comunicación coas familias, carecendo da concreción que establece o PT con respecto as frecuencias e tempos de contacto coas familias. Neste apartado non se especifican os instrumentos de participación dos pais e nais, tipo xunta de pais ou ANPAS.

## TÁBOA DE PUNTUACIÓNS ACADADAS POLOS DISTINTOS LICITADORES NO APARTADO:

### B) Características do alumnado

| CRITERIOS NON AVALIBLES MEDIANTE CIFRAS | | | PUNTUACIÓN MÁXIMA | LICITADORES E PUNTUACIÓN ACADADA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | I. ANÁLISE DO CONTEXTO | | FESAN-FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES | PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL | SANSIBRÁN SL | SERVICIOS Y MATERIALES S.A | EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA | AURORA, PILAR Y ANA SL | LOS PEQUES, SL | ANA NAYA GARCÍA SL |
| CARATTERÍSTICAS DO ALUMNADO: | Ma´ximo 3,50 puntos | TIPO DE RELACIÓNS ENTRE O ALUMNADO | 0,50 | 0,10 | 0,35 | 0,20 | 0,45 | 0,45 | 0,35 | 0,10 | 0,10 |
| | | NENOS E NENAS CON NEE; COMO SE INTEGRAN, APOIOS COS QUE SE CONTA | 2,00 | 0,50 | 1,50 | 0,50 | 2,00 | 1,90 | 1,25 | 1,25 | 0,50 |
| | | PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS | 1,00 | 0,90 | 0,50 | 0,80 | 0,70 | 0,90 | 0,80 | 0,50 | 0,50 |
| **PUNTUACIÓN** | | | **3,50** | **1,50** | **2,35** | **1,50** | **3,15** | **3,25** | **2,40** | **1,85** | **1,10** |

## C. Características do persoal que traballará no centro

### OFERTA PRESENTADA POR FESAN FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISES

**Número e funcións**
O licitador recolle, de acordo co PT , o número de persoal, non sinalando as súas funcións.

**Formación e mecanismos de formación do persoal**
Con carácter moi xeral, indica que o persoal contará coa formación necesaria para desempeñar as súas funcións, de acordo co PT. Propón un plan de formación continua que inclúe; formación inicial (cunha duración de 53 horas) e formación continua (cunha duración de 60 horas, a partir do 2º ano do contrato e ata finalización do mesmo, con frecuencia anual que incluirá formación inicial e pedagóxica), recollendo nun cadro a metodoloxía para a súa implementación, ademáis dun catálogo de cursos.

**Forma de traballar, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal**
Propón o traballo en equipo, mediante reunións ordinarias e extraordinarias. Respecto dos diferentes postos do centro, recolle unha relación detallada e individualizada das tarefas. Observase un erro na mención do Concello de Mugardos (pax.12 da proposta).
Establece un protocolo de actuación respecto das canles, frecuencia e tipo de comunicación, existentes entre os membros do equipo de traballo do centro. Propoñendo como mecanismo de información entre o persoal da escola e o Concello de Santiago; unha reunión anual de avaliación e planificación; reunións extraordinarias e o intercambio de experiencias con outras escolas. Recolle o establecido no PT respecto nas obrigas do adxudicatario no seu apartado 7.

### OFERTA PRESENTADA POR PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL

**Número e funcións**
O licitador recolle, de acordo co PT, o número de persoal. Define, con carácter moi xeral, as funcións a desempeñar.

**Formación e mecanismos de formación do persoal**
A proposta inclúe con respecto a cada posto as titulacións, de acordo co PT, non facendo referencia neste apartado, a cualificación do persoal respecto da lingua galega. Recolle un "Plan de Actuación" continua que aborde os ámbitos implicados no desenvolvemento da labor profesional, contando cunhas liñas especificas e xerais. Concretan unha relación de cursos de formación continua relacionadas coas TIC, a formación no ámbito das necesidades educativas especiais e os modelos de participación familiar na escola infantil. Neste apartado, destaca o docente "como investigador da súa propia práctica" e a "investigación, participación e o traballo en equipo", vinculando os contidos da formación continua do persoal a estes ámbitos.

**Forma de traballar, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal**
Propón a comunicación como forma de traballar, promovendo a promoción profesional dos equipos directivos e as reunións efices. Sinala diferentes tipos de reunións: de organización (mínimo unha vez ao mes), claustros (minimos unha vez a quincena), reunións de coordinación pedagóxica (minimos unha vez a quincena), reunións de nivel (mínimo unha vez ao mes) ; de coordinación co persoal do Concello (marcada pola organización do mesmo), de programación e traballo individual de aula, reunións de coordinción co persoal de servizos e limpeza (como mínimo unha vez ano mes); e as comisións de traballo dentro do equipo educativo. O proxecto recolle literalmente neste apartado "comprometémonos a mantener ao menos ao 50% do equipo educativo actual para causar o menor perxuízo posible os nenos e familias" (páxina 13 da proposta presentada polo licitador).

## OFERTA PRESENTADA POR SANSIBRÁN SL

**Número e funcións**
Non se axustan ao PT nos mímimos de persoal adicados as funcións educativas nin aos do persoal de atención e coidado dos nenos. Recolle as funcións requeridas para un dos postos.

**Formación e mecanismos de formación do persoal**
A proposta inclúe con respecto a cada posto a titulación establecida, de acordo co PT. Propón un Plan Formación Permanente do persoal, con carácter anual, que se determinará en función das necesidades do persoal, prestando especial atención aos contidos das TIC. Identifica os obxectivos de dito plan que se materializará coa participación do persoal en cursos a desenvolver na propia escola, noutros centros e coa asistencia a congresos.

**Forma de traballar, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal**
Propón o traballo en equipo, xustificando a elección desta metodoloxía e préstalle especial atención a liña investigadora. Só establece unha reunión mensual.

## OFERTA PRESENTADA POR SERVICIOS Y MATERIALES S.A

**Número e funcións**
A proposta recolle, de acordo co PT, o número de persoal. Indica, cun carácter moi xeral, as funcións. Neste apartado sinala que subrrogará o persoal que traballa na actualidade na escola infantil.

**Formación e mecanismos de formación do persoal**
O licitador inclúe con respecto a cada posto as titulacións establecidas, de acordo co PT, pero non fai referencia, neste apartado, a cualificación do persoal respecto da lingua galega. No tocante ao plan a formación do persoal, exixíralle ao mesmo un compromiso na realización dun mínimo de cursos de formación. Así mesmo, dende a empresa, promoveranse xornadas de encontro entre profesionais das diferentes escolas infantís, tanto do Concello de Santiago como doutros municipios.

**Forma de traballar, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal**
Presenta nunha estrutura en departamentos as tarefas do persoal do centro; "departamento psicopedagóxico de calidade e atención ás familias", "departamento de programación" e "departamento de coordinación intercentros", como forma de traballar, definido só nalgúns casos as súas funcións. Para o súa materialización determínanse as reunións. Establece a coordinación entre a empresa e o Concello, a través da Coordinadora Pedagóxica. Propón ademáis o traballo en coordinación con outras escolas infantís, compartindo recursos. Como mecanismos de información e de vínculo, establecen as reunións periódicas, facendo referencia a que disporán dun "recuncho do equipo docente", como espazo de encontro e de traballo, dotado dun taboleiro. Esta oferta recolle un plan de traballo por trimestres, cos seus contidos, organización semanal, as unidades didácticas e os conceptos a traballar por aulas. Respecto dos diferentes postos do centro, non recolle unha relación detallada e individualizada das tarefas.

## OFERTA PRESENTADA POR EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SL

**Número e funcións**
A proposta recolle, de acordo co PT, o número de persoal, destacando pola presentación e estructuración das funcións para cada persoal. Recolle ademáis, un organigrama funcional da escola, coa titulación que establece o PT.

**Formación e mecanismos de formación do persoal**
Presenta un plan de formación continua apoiándose no Instituto de Formación propio do que dispón o grupo Eulen. Describe dito plan e recolle os mecanismos de formación a través dunha plataforma dixital on line "@prende" e presencial, definindo os contidos da formación en función da categoria e funcións do seu posto. Comprométese a realización dun curso de formación no ámbito dos primeiros auxilios, a igualdade de oportunidades e a manipulación de alimentos. Distingue entre un Plan de Formación de acollida, cunha duración de 8 h e o plan de formación continua, vinculado ao Plan Anual que garantiza cun mínimo de 40 horas. Propoñen algúns cursos de formación, indicando a súa duración, en temáticas como a alteración de comportamento en menores; a detección e a intervención no trato inadecuado o menor; habilidades sociais na infancia, estratexias para a interculturalidade, entre outros. Sinala a posibilidade de participar na formación a persoas alleas á empresa como pais, nais e persoal do Concello.

**Forma de traballar, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal**
Propón o traballo en equipo, integrando a todo o persoal que traballa na escola. A coordinación e os mecanismo de información entre o persoal educativo establécense a través das reunións (inicial, semanal, trimestrais, cantas reunións sexan necesarias e unha final). Define as funcións do equipo educativo e recolle un cadro como exemplo de distribución de tarefas diarias que será adaptado ao cronograma actual de funcionamento da escola. Respecto dos diferentes postos do centro, non recolle unha relación detallada e individualizada das tarefas.

## OFERTA PRESENTADA POR AURORA, PILAR Y ANA SL

**Número e funcións**
A proposta recolle, de acordo co PT, o número de persoal, detallando as funcións para cada un deles.

**Formación e mecanismos de formación do persoal**
Dende unha perspectiva teórica da formación, recolle como mecanismo de formación permanente a participación en cursos, xornadas, grupos de traballo, cursos on line, entre outras, distinguindo entre unha formación inicial e unha formación continua.

**Forma de traballar, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal**
Propón o traballo en equipo para a elaboración dunhas liñas de actuacións comúns que serán recollidas no proxecto educativo, sinalando como mecanismo de comunicación as reunións de equipo ou as comisións de nivel e de aula. Respecto dos diferentes postos do centro, recolle unha relación moi xeral das tarefas.

## OFERTA PRESENTADA POR LOS PEQUES, SL

**Número e funcións**
A proposta recolle, de acordo co PT, o número de persoal. Respecto das funcións, non especifica as do persoal de servizos pero si as do Departamento de Orientación, que forman parte do equipo educativo.

**Formación e mecanismos de formación do persoal**
Presenta nun cadro a relación de persoal, especificando a súa función, a formación requerida e a procentaxe de xornada que prestará. Esta empresa propón a formación permanente a través da realización de cursos, xornadas e conferencias con entidades como a Fundación Meniños, MGO, ALEPH, en temáticas diversas como a prevención de incendios e o os primeiros auxlios.

**Forma de traballar, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal**
Propón o traballo en equipo como forma de traballo. Na distribución das tarefas derívanos nalgúns postos, ao apartado de funcións, da páxina 14 da proposta presentada pola empresa. Neste apartado, faise referencia a uns datos que non corresponden coa EIM de Meixonfrío-Salgueiriños. Como mecanismo de información recollen as reunións mensuais, os boletíns que se atopan na sala de mestras do centro, taboleiros e aviso personalizado da dirección.

## OFERTA PRESENTADA POR ANA NAYA GARCIA SL

**Número e funcións**
Remitenos ao prego para indicar que "o persoal será como mínimo o esixido o "PCAT", detallando as funcións para cada un deles.

**Formación e mecanismos de formación do persoal**
Sinala que todo o persoal contará coa formación exixida, de acordo co PT, e facilitarase a formación complementaria e formación continua, sen especificar os mecanismos de formación.

**Forma de traballar, distribución das tarefas, mecanismos de información entre o persoal**
Cun carácter moi xeral, sinala como forma de traballo en equipo, a través de canles democráticos. Respecto da distribución das tarefas indica que "distribúense en función da cualificación e de xeito democrático coa supervisión da dirección do centro". Establécense canles de comunicación diarias e reunións periódicas para as reunións do centro.

## TÁBOA DE PUNTUACIÓNS ACADADAS POLOS DISTINTOS LICITADORES NO APARTADO:

### C. Características do persoal que traballará no centro

| CRITERIOS NON AVALIBLES MEDIANTE CIFRAS | | PUNTUACIÓN MÁXIMA | LICITADORES E PUNTUACIÓN ACADADA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I. ANÁLISE DO CONTEXTO | | | FESAN-FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES | PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL | SANSIBRÁN SL | SERVICIOS Y MATERIALES S.A | EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA | AURORA, PILAR Y ANA | LOS PEQUES, SL | ANA NAYA GARCÍA SL |
| CARATERÍSTICAS DO PERSOAL QUE TRABALLARÁ NO CENTRO. Máximo : 3,50 puntos | FORMACIÓN E MECANISMOS DE FORMACIÓN DO PERSOAL | 2,00 | 1,50 | 1,50 | 1,50 | 1,50 | 1,50 | 1,00 | 1,00 | 1,00 |
| | FORMA DE TRABALLAR, DISTRIBUCIÓN DAS TAREFAS, MECANISMOS DE INFORMACIÓN ENTRE O PERSOAL | 1,50 | 1,30 | 1,20 | 0,25 | 1,00 | 1,00 | 0,50 | 0,50 | 0,25 |
| **PUNTUACIÓN** | | **3,50** | **2,80** | **2,70** | **1,75** | **2,50** | **2,50** | **1,50** | **1,50** | **1,25** |

## D. Características do contorno

### OFERTA PRESENTADA POR FESAN FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISES

**Situación**
A proposta presenta unha descrición breve da situación xeográfica e poboacional de Santiago de Compostela.

**Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas**
Dun xeito moi breve e pouco preciso, indica algunhas das festas e celebracións propias da cidade. Destaca como sectores de actividade do Concello, a Universidade, o turismo cultural, a industria, o sector hotelero e comercial.

**Lingua empregada**
Recolle a necesidade de que os centros conten cun proxecto lingüístico, non facendo referencia a lingua empregada no contorno.

**Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas**
Detalla por unha banda, os diferentes centros educativos que existen no Concello e diversos servizos de carácter social. Estes espazos convértense en recursos para visitar e participar nas actividades que se organicen.

**Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros**
Dende a consideración do contorno como elemento do proxecto curricular, fomentarase o coñecemento e a participación nas manifestación culturais, artísticas e históricas do municipio, sen entrar a especificar as relacións que mantén a escola con estes. A proposta define o tipo de relacións que mantén a escola con outros centros educativos e sociais.

**Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural**
A través da programación, o persoal docente seleccionara os exemplos, centros de interese, experiencias e vivencias do contorno para desenvolver a integración e participación dos nenos nel.

### OFERTA PRESENTADA POR PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL

**Situación**
A oferta presenta unha ampla descrición xeográfica e poboacional da Cidade de Santiago e da súa comarca.

**Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas**
Cun carácter xeral pero contextualizado, indica as características solicitadas.

**Lingua empregada**
Fai referencia a un "bilingüismo desequilibrado", especificando as diferentes modalidades coas que poden atoparse.

**Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas**
Recolle os centros educativos, culturais, deportivos, de saúde, espazos naturais e de esparcemento que forman parte da contorna da escola.

**Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros**
Define e especifica a relación de coordinación con outros axentes educativos, culturais, de emprego, medio ambiente, infancia, participación, igualdade e benestar social, sanidade e outras escolas infantís e colexios públicos.

**Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural**
Establece que a escola estará aberta aos recursos do contorno, achegarase o coñecemento do contorno social e natural, tendo en conta todos os recursos existentes. Propoñen actividades como saídas, participación dos diferentes axentes do contorno, conmemoración de festas, cunha metodoloxía baseada na experimentación, a observación e a exploración. Presta especial atención o papel que teñen os proxectos nos que se traballe a integración do alumnado para o tratamento da multiculturalidade existente.

## OFERTA PRESENTADA POR SANSIBRÁN SL

**Situación**
Recolle unha descrición xeográfica e poboacional da cidade e da comarca.

**Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas**
Enumera os barrios que comprende a zona norte e cun carácter moi xeral, a situación económica, non facendo referencia nin a situación sociolingüística nin a sociocultural.

**Lingua empregada**
Sinala como lingua predominante da zona o galego aínda que "cohabita" co castelán.

**Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas**
Partindo do recurso das zonas verde do contorno, do mercado de salgueiriños, suxiren actividades de coñecemento destes servizos, mediante saídas.

**Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros**
Propón cun carácter moi xeral as relacións de colaboración a través de saídas e talleres, formando parte da Rede de Escolas Infantís e participando nas actividades doutros centros municipais e intermunicipais.

**Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural**
A través da observación directa e vivencial e/ou indirecta do contorno natural. Respecto ao contorno social, propón temas como a familia, o paso do tempo, os distintos tipos de vivendas e edificios, os oficios, os medios de transporte, entre outros, solicitando a colaboración das familias en actividades e propostas determinadas.

## OFERTA PRESENTADA POR SERVICIOS Y MATERIALES S.A

**Situación**
Cun carácter moi xeral, indica onde está a zona de Meixonfrío con respecto á cidade.

**Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas**
Só recolle neste apartado as características económicas de Santiago.

**Lingua empregada**
Cun carácter moi xeral, sinala as diferentes normativas vixentes nas que se fai referencia ao uso do galego, sen entrar a especificar a lingua empregada no contorno máis próximo á escola.

**Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas**
Cun carácter moi xeral, fai referencia aos servizos que ofrece o Concello, sinalando unicamente como exemplos as sesións de contacontos e as visitas.

**Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros**
Define a escola como axente social, propón as saídas como mecanismos de relacións cos recursos do contorno e con outros centros (colexios, centro de maiores e centros de interese da cidade)- Fai referencia as relacións establecidas con outras asociacións como "Síndrome de Down", ONCE ou recursos como os servizos sociais, de Atención Temperá e a Escola Municipal de Música.

**Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural**
Recolle e detalla diferentes programas educativos: "programa de arte e patrimonio"; "Fauna/flora/horta e natureza", e "Educación Vial".

## OFERTA PRESENTADA POR EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SL

A empresa responde nun mesmo apartado "a **situación**" e as "**características socioculturais, sociolingüísticas e económicas**", prestándolle especial atención a configuración neste novo barrio no que se localiza a escola infantil e describindo, con carácter xeral, as características socioeconómicas e socioculturais.

**Lingua empregada**
Sinala como linguas empregadas na vida cotiá pola población residente na zona, o galego e o castelán, indistintamente, non existindo unha preminencia dunha sobre a outra neste contexto pero engadindo a existencia, de maneira xeral, dun "bilingüismo desequilibrado".

**Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas**
Indica cun carácter moi xeral os diferentes servicios cos que conta o Concello de Santiago e que estarán a disposición da escola: centros educativos. centros de saúde, bibliotecas, ludotecas, asociacións culturais, deportivas, zonas verdes, entre outras.

**Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros**
Recolle neste apartado os recursos máis próximos e sinala as diferentes relacións, a través da participación en celebracións e festas propias do contorno, a participación do Director nas reunións de coordinación con outros servizos de atención á pequena infancia, tanto a nivel local como de redes muncipais e intermunicipais, encontros e actividades cos outras escolas. Fai referencia as diferentes relacións que establece co Concello, a través de reunións, cos servicios sociais e outros servizos especializados, como atención temperá.

**Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural**
Propón como metodoloxía a observación e a experimentación, a través dun programa que leva por título "Coñecendo Salgueiriños: coñezo o seu pasado, coñezo o seu presente e participo no se futuro", elixido como tema transversal para o curso 2012-2013, implicando os educadores, as familias e outros participantes externos. Define os seus obxectivos,a súa metodoloxía e os centros de interese.

## OFERTA PRESENTADA POR AURORA, PILAR Y ANA SL

**Situación**
Recolle unha descrición xeográfica da cidade, indicando os barrios próximos á escola.

**Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas**
Especifica cun caracter moi xeral as características socioculturais.

**Lingua empregada**
Neste apartado non concreta a lingua empregada do contorno.

**Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas**
Sinala cun carácter xeral os servicios socioculturais, deportivos e sanitarios.

**Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros**
Prestándolle especial atención á xustificación da importancia do contorno e das relacións que nel se establecen, propoñen as saídas como mecanismos de relacións co contorno e a participación en actividades sociocomunitarias. Sinala a existencia de servizos externos á escola coa que deben establecer relacións de carácter administrativo, educativo e cultural para a integración do centro no contorno.

**Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural**
Indica como metodoloxía para o coñecemento do contorno social e natural, a experimentación, a manipulación, coñecemento, tocar, descubrir, observar xogando.

## OFERTA PRESENTADA POR LOS PEQUES SL

**Situación**
Ubica a escola no barrio de Salgueiriños, recollendo os datos de superficie, poboacional, xeográficos e climatolóxicos.

**Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas**
Indica só que o Concello de Santiago carace dun perfil socioecómico claramente definible, sinalando os difentes sectores da súa economía.

**Lingua empregada**
Establece como lingua ambiental do Concello o galego.

**Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas**
Recollen as actividades que entenden que se ofertan dende o Concello para os nenos de 0-3; bebeteca, preescolar na casa, contacontos, "representación navideñas cos reis magos", engaden ademais as zonas verdes e o parque infantil.

**Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros**
Propón a comunicación continua e recíproca cos servizos do concello e con outros centros, como por exemplo as escolas infantís.

**Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural**
A través de diversas actividades, como o coñecemento da biblioteca municipal, o establecemento de actividades en colaboración con centros de día ou residencia de 3ª idade; o día da familia, festas típicas e populares; actividades organizadas polo Concello. Para o coñecemento do contorno natural propoñen actividades de observación e de manipulación, a través de xogos acuáticos, unidades didácticas, terrarios, entre outras.

## OFERTA PRESENTADA POR ANA NAYA GARCÍA SL

**Situación**
A proposta indica únicamente a pertenza da escola infantil ao Concello de Santiago de Compostela.

**Características socioculturais, sociolingüísticas e económicas**
Cun carácter moi xeral describe só os aspectos socioculturais e económicos de Santiago de Compostela.

**Lingua empregada**
Recolle só a lingua vehicular da escola (galego)

**Servizos que nos ofrecen para os nenos e as nenas**
Fai referencia das competencias en materia educativa e deportiva que ten o Concello de Santiago, indicando servizos e programas de tipo deportivo e lúdico.

**Relacións que mantén a escola cos recursos do contorno e con outros centros**
Indica erróneamente que a escola infantil de Conxo manterá unha relación estreita e directa cos responsables dos diferentes recursos locais e cos diferentes centros educativos da zona e doutras localidades.

**Como se traballa cos nenos e nenas o coñecemento do contorno social e natural**
Dende unha perspectiva de defensa e respecto da natureza e a integración do medio, recolle unha relación de valores a acadar nos nenos e nenas, a través de saídas ou visitas.

## TÁBOA DE PUNTUACIÓNS ACADADAS POLOS DISTINTOS LICITADORES NO APARTADO:

### D. Características do contorno

| CRITERIOS NON AVALIBLES MEDIANTE CIFRAS | | PUNTUACIÓN MÁXIMA | LICITADORES E PUNTUACIÓN ACADADA | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| I. ANÁLISE DO CONTEXTO | | | FESAN-FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES | PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL | SANSIBRÁN SL | SERVICIOS Y MATERIALES S.A | EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA | AURORA, PILAR Y ANA SL | LOS PEQUES, SL | ANA NAYA GARCÍA SL |
| CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO Máximo: 3 puntos | SERVIZOS QUE OFRECEN O CONTORNO PARA OS NENOS E AS NENAS | 0,50 | 0,25 | 0,40 | 0,10 | 0,10 | 0,10 | 0,10 | 0,10 | 0,10 |
| | RELACIÓNS QUE MANTÉN A ESCOLA COS RECURSOS DO CONTORNO E CON OUTROS CENTRO | 1,50 | 1,00 | 1,30 | 0,50 | 0,70 | 0,70 | 0,50 | 0,50 | 0,10 |
| | COMO SE TRABALLA COS NENOS E NENAS O COÑECEMENTO DO CONTORNO NATURAL E SOCIAL | 1,00 | 0,50 | 0,70 | 0,50 | 0,70 | 0,70 | 0,50 | 0,50 | 0,50 |
| PUNTUACIÓN | | 3,00 | 1,75 | 2,40 | 1,10 | 1,50 | 1,50 | 1,10 | 1,10 | 0,70 |

## II. DEFINICIÓN DA ESCOLA

### OFERTA PRESENTADA POR FESAN FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISES

**Aconfesionalidade da escola**
Recolle unha escola aconfesional de acordo cuns principios establecidos (neutralidade, pluralismo, liberdade, tolerancia, dignidade, igualdade, capacidades e hábitos).

**Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística**
Empregará na aula a lingua materna predominante, tendo en conta a lingua do contorno. A escola contará cun proxecto lingüístico, sinalando xenericamente unhas estratexias didácticas referidas o uso do idioma galego na escola.

**Liña metodolóxica e criterios de avaliación**
Os criterios metolóxicos formulados con carácter xeral estarán baseados no principio de aprendizaxe significativo, globalizador, atención a diversidade, actividade e xogo, afectividade e socialización. A avaliación será, de acordo coa normativa, formativa, global e continua. Desenvolve amplamente este apartado indicando os momentos da evaluación, os responsables da mesma, e que elementos son obxectos de avalución, indicando as ferramentas (entrevistas coas familias, a observación e as producións dos nenos/as).

**Coeducación: a educación para a igualdade**
Identifica os obxectivos, áreas e contidos que, dende a súa perspectiva, están vinculados coa educación para a igualdade dos sexos. Recolle ademáis como propostas actividades concretas; revisión de materiais, imaxes, textos e o fomento da interculturalidade.

**Relación coas familias e colaboración cos pais e nais**
Fomentarán a participacion das familias e titores/as a través dun protocolo de actuación, facéndolles partícipes na actividade do centro (en festas e xornadas, Escola de Pais e Nais, ANPAS, en actividades de lecer, etc), a través da información (entrevistas, contacto directo, enquisas, páxina web, entre outras) e da organización de xornadas formativas (dirixidas por profesionais do ámbito educativo que abordarán temas de interese para os pais/nais e educadores). Propoñen ademáis encontros e boletíns.

### OFERTA PRESENTADA POR PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS

**Aconfesionalidade da escola**
Propón unha escola aconfesional respecto a todas as relixións.

**Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística**
Amparándose no marco lexislativo, utilizará a lingua materna predominante na aula pero terá en conta o contorno, procurando a adquisión das competencias da outra lingua. Non recolle o galego como lingua vehicular nin o proxecto lingüístico.

**Liña metodolóxica e criterios de avaliación**
Detalla amplamente a liña metodoloxica da escola, estruturada en 8 principios ou decisións metodoloxicas, prestándolle especial atención ao tratamento dos criterios de avaliación.

**Coeducación: a educación para a igualdade**
Definen o que entenden por coeducación e recollen algunhas das medidas a través das cales abordala: o xogo, os contos e os agrupamentos.

**Relación coas familias e colaboración cos pais e nais**

Partindo da importancia da colaboración e a relación coas familias e dunha escola aberta, propoñen como formas de relación o intercambio de información (a través de cuestionarios, informes, entrevistas e o contacto informal); a participación das familias (a través dos órganos de participación e representación, en actividades e na vida da escola), préstanlle especial atención o periodo de adaptación do neno/a. Cómpre destacar que neste punto dedícanlle un apartado ao procedemento de información ás familias que entedemos que tería que formar parte do apartado 1.b. Destacamos que neste apartado sí inclúen a axenda.

## OFERTA PRESENTADA POR SANSIBRÁN SL

**Aconfesionalidade da escola**

Definen a escola como un centro aconfesional donde se respetará todo tipo de crenzas.

**Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística**

Cun carácter moi xeral e amparándose en diferentes marcos normativos, sinalan en castelán, "utilizando así la lengua materna del alumnado y potenciando el aprendizaje de la otra lengua oficial de Galicia", ainda que engaden que de acordo co artigo 12 da Lei de Normalización lingüística, o galego será o idioma ao cal se dirixirán aos nenos e nenas. Non establecen a lingua vehicular da escola en relación coas familias, nin fan referencia á normalización lingüística. Recollen que adicarán unha hora diaria a inmersión nunha terceira lingua, o inglés.

**Liña metodolóxica e criterios de avaliación**

Define detallada e amplamente as liñas metodolóxicas da escola e os criterios de avaliación.

**Coeducación: a educación para a igualdade**

Propoñen dúas liñas de traballo no marco dun programa de coeducación; o traballo coas familias e o traballo cos nenos e nenas, a través do xogo de roles, o uso da linguaxe, o xogo e o xoguete. No caso das familias, informaráselles e dotaráselles de estratexias e habilidades. Sinalan os contidos a traballar neste ámbito.

**Relación coas familias e colaboración cos pais e nais:**

Esta proposta recolle os diferentes tipos de relacións que se establecen coas familias, a través de contactos diarios (sinalando a utilización da axenda), periodicos e grupais (para abordar aqueles temas de especial preocupación como a alimentación, a hixiene, a prevención de riscos, a seguridade, as orientacións pedagóxicas). Ademáis, propoñen outras actividades nas que podan participar as familias: festas, viaxe de fin de curso, as profesións, entre outras.

## OFERTA PRESENTADA POR SERVICIOS Y MATERIALES, SA

**Aconfesionalidade da escola**

Define a escola con carácter aconfesional e respetuosa con todas as crenzas.

**Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística**

Facendo referencia o marco lexislativo, establece que o galego será a lingua empregada no centro, tendente a normalización do mesmo. Propoñen e detallan amplamente un Programa de dinamización dirixido á promoción da lingua galega, indicando obxectivos e actividades. Sinalan ademais un proxecto de aula "Expreso o meu mundo". Introducen unha terceira lingua, o inglés.

**Liña metodolóxica e criterios de avaliación**

Recolle amplamente os principios metodolóxicos que definen o modelo educativo da escola. Propoñen unha avaliación formativa, global e continua.

**Coeducación: a educación para a igualdade**
Popoñen o xogo como estratexia para traballar a coeducación, prestando especial atención a selección dos materiais, xogos e contos, propoñendo charlas e a elaboración de recomendacións para as familias, nesta temática. Fan referencia ao Plan de atención a diversidade do que disporá o centro. Reiteran as estratexias educativas no ámbito da coeducación, implicando as familias.

**Relación coas familias e colaboración cos pais e nais**
Partindo dunha escola aberta á participación das familias, destacan a importancia do papel deste axente no proceso educativo dos nenos e nenas. Propoñen unha participación activa e aberta, destacando a importancia da súa organización. Dende unha perspectiva de escola aberta, concretan as tarefas cotiás que deben de realizar as familias cando acceden á escola e engaden os mecanismos a empregar para solicitar a colaboración das familias (circulares, buzón de suxerencias, entre outras).

## OFERTA PRESENTADA POR EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SL

**Aconfesionalidade da escola**
Definen a escola como aconfesional, aberta a diversidade cultural.

**Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística**
Propoñen como lingua de aprendizaxe a lingua materna predominante. A escola caracterizarase por ser bilingüe, sendo a lingua vehicular o galego pero garantindo que todo persoal teña as competencias necesarias para expresarse adecuadamente en castelán e en galego. Propoñen unha primeira aproximación á lingua estranxeira para os últimos tramos de idade.

**Liña metodolóxica e criterios de avaliación**
Presentan unha metodoloxía de traballo ecléctica e dinámica, sen entrar na súa descrición, baseada na aprendizaxe significativa, na experimentación, na organización do espazo, dos materiais e do tempo. Describen un conxunto de propostas ou actividades para desenvolver na escola, organizados por idades. Propoñen unha avaluación global, continua e formativa.

**Coeducación: a educación para a igualdade**
Propoñen "o xogo", "a fala" e "a familia" como instrumentos fundamentais a través dos cales traballar a coeducación e a educación para a igualdade. Fan referencia a existencia dun Plan de Igualdade a nivel de empresa.

**Relación coas familias e colaboración cos pais e nais**
Recollen diferentes formas de participación das familias a través de propostas tales como os encontros, os obradoiros, as axendas, entre outras. Propoñen un modelo de participación das familias, definindo os obxectivos xerais e as distintas formas de relación.

## OFERTA PRESENTADA POR AURORA, PILAR Y ANA SL

**Aconfesionalidade da escola**
Manifestase aconfesional, declarándose libre e independiente de calquera tendencia ideolóxica determinada.

**Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística**
Promoverán a normalización lingüística do galego e o uso da lingua materna na aula, de acordo coa normativa. Sinalan un conxunto de obxectivos e medidas para desenvolver o uso do galego no centro.

**Liña metodolóxica e criterios de avaliación**
Os principios metodolóxicos que recollen cun carácter xeral, fan referencia ao proceso de adaptación, o enfoque globlalizador, a aprendizaxe significativa, o clima de seguridade e confianza, a atención á creatividade, á diversidade, a organización grupo-clase, entre outros. Respecto dos criterios de avaliación, sinalan a observación como a técnica máis idónea e citan algúns instrumentos para a recollida de información. Propoñen, de acordo coa normativa, unha avaliación global, continua e formativa.

**Coeducación: a educación para a igualdade**
Entenden a coeducación como un principio, propoñendo un programa de coeducación para sensibilizar e formar ao profesorado, as familias e a comunidade educativa, recollendo, cun carácter xeral, os seus obxectivos.

**Relación coas familias e colaboración cos pais e nais**
Estableceran canles de información e participación, a través de diferentes modos: informes diarios, titorias, reunións, participación en festas e correos electrónicos. Sinalan un conxunto de propostas: o recanto das familias, colaboración en tarefas auxilares, impulsora de actividades curriculares, familias especialistas, escola de pais e nais, comisions e obradoiros das familias.

## OFERTA PRESENTADA POR LOS PEQUES, SL

**Aconfesionalidade da escola**
Manifestase aconfesional e móstrase respetuosa cara as crenzas.

**Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística**
Empregarán a lingua materna dos nenos, como primeira lingua de aprendizaxe, coa incorporación paulatina da outra lingua oficial e propón ademáis unha terceira lingua, o inglés. Recolle a referencia a un plan de dinamización lingüística que poda atender a diversidade lingüística das familias, especialmente de aquelas que pola súa nacionalidade, non entendesen o galego.

**Liña metodolóxica e criterios de avaliación**
Indica e desenvolve os principios metodolóxicos: globalización, aprendizaxe significativo, metodoloxía activa, socialización, convivencia e diversidade. Propoñen, cun carácter moi xeral, unha avaliación global, continua e formativa, baseada na observación directa e sistemática de todo proceso de aprendizaxe.

**Coeducación: a educación para a igualdade**
Cun carácter moi xeral, sinalan a adopción de estratexias moi concretas para evitar os estereotipos, a través do emprego dunha linguaxe non sexista, a non discriminación de xoguetes, o uso indistinto de recunchos e sinalan a implicación das familias neste proceso, a través da información.

**Relación coas familias e colaboración cos pais e nais**
Sinalan, cun carter moi xeral, diferentes estratexias de comunicación e de relación entre a escola e as familias.

## OFERTA PRESENTADA POR ANA NAYA GARCÍA SL

**Aconfesionalidade da escola**
Esta proposta define a escola como non confesional, comprometéndose a educar os alumnos no respecto en todas as crenzas relixiosas ou ausencia das mesmas.

**Lingua de aprendizaxe. Normalización lingüística**
Establece o galego como lingua vehicular da escola, sinalando que na aula terán en conta a lingua materna, amparándose no marco normativo.

**Liña metodolóxica e criterios de avaliación**
Recolle e detalla adecuadamente os principios que definirán a liña metodolóxica da escola e os criterios de avaliación, sen entrar a presentar os indicadores que avaliarán a aprendizaxe do neno/a. Neste apartado, cómpre destacar que na páxina 27 da proposta fan referencia equivocadamente a Escola Infantil "As Lagoas".

**Coeducación: a educación para a igualdade**
Definen o que entenden por coeducación e a educación para a igualdade de oportunidades, propoñendo unha metodoloxía e práctica que atenda a estes principios. Sinala os obxectivos e contidos con carácter xeral da coeducación, sen recoller unha proposta concreta e integral a desenvolver dende na escola.

**Relación coas familias e colaboración cos pais e nais**
Comprométese a promoción da participación activa e integradora dos pais, a través de actividades individuais ou colectivas, tales como o buzón de suxerencias, saídas, asociacións de pais, o día das profesións, o día do avó, na organización de festas e obradoiros. Sinala como mecanismos de comunicación o contacto directo e a axenda.

## TÁBOA DE PUNTUACIÓNS ACADADAS POLOS DISTINTOS LICITADORES NO APARTADO:

# II. DEFINICIÓN DA ESCOLA

| CRITERIOS NON AVALIBLES MEDIANTE CIFRAS | PUNTUACIÓN MÁXIMA | LICITADORES E PUNTUACIÓN ACADADA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | FESAN- FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES | PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL | SANSIBRÁN SL | SERVICIOS Y MATERIALES S.A | EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA | AURORA, PILAR Y ANA SL | LOS PEQUES, SL | ANA NAYA GARCÍA SL |
| II. DEFINICIÓN DA ESCOLA | 5 | | | | | | | | |
| ACONFESIONALIDADE DA ESCOLA | 1,00 | 0,80 | 0,80 | 0,80 | 0,80 | 0,80 | 0,80 | 0,80 | 0,80 |
| LINGUA DE APRENDIZAXE. NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA | 1,00 | 0,60 | 0,50 | 0,50 | 0,90 | 0,50 | 0,50 | 0,60 | 0,50 |
| LIÑA METODOLOXICA E CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 1,00 | 0,90 | 1,00 | 0,90 | 0,90 | 0,90 | 0,80 | 0,60 | 0,80 |
| COEDUCACIÓN: A EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE | 1,00 | 0,60 | 0,50 | 0,60 | 0,60 | 0,60 | 0,50 | 0,50 | 0,50 |
| RELACIÓN COAS FAMILIAS E COLABORACIÓN COA PAIS E NAIS | 1,00 | 0,80 | 0,80 | 0,60 | 0,60 | 0,60 | 0,50 | 0,40 | 0,50 |
| PUNTUACIÓN | 5 | 3,70 | 3,60 | 3,40 | 3,80 | 3,40 | 3,10 | 2,90 | 3,10 |

## III. OBXECTIVOS

### OFERTA PRESENTADA POR FESAN FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISES

**Pedagóxicos**
A proposta recolle por un lado os obxectivos xerais da etapa de educación infantil e por outro, concreta os obxectivos establecidos no currículo para esta etapa educativa de 0-3 anos, de acordo coas áreas de coñecemento establecidas no decreto que as regula

**Administrativos**
Propón axeitadamente a formulación de obxectivos vinculados coas tarefas administrativas propias dunha escola.

**Organizativos**
Propoñen axeitadamente a súa formulación.

**Institucionais**
Propoñen os obxectivos requiridos para apartado

**Lingüísticos**
Propoñen os obxectivos requiridos para apartado

### OFERTA PRESENTADA POR PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN "LAS PALMAS"

**Pedagóxicos**
Recolle só os obxectivos establecido na "área de coñecemento de sí mesmo e autonomía persoal".

**Administrativos**
Propón, cun carácter moi xeral, a formulación de obxectivos vinculados coas tarefas administrativas propias dunha escola.

**Organizativos**
Dos obxectivos formulados, só algúns atinxen o aspecto de organización.

**Institucionais**
Dos obxectivos formulados, só algúns atinxen o aspecto institucional.

**Lingüísticos**
Dos obxectivos formulados, só algúns atinxen o aspecto lingüístico.

### OFERTA PRESENTADA SANSIBRÁN SL

**Pedagóxicos**
Propón a formulación de novos obxectivos sen garantir a consecución dos obxectivos establecidos no decreto que establece o curriculo da educación infantil.

**Administrativos**
Dos obxectivos formulados, só algúns atinxen o aspecto administrativo.

**Organizativos**
Propón a formulación de obxectivos, algúns deles, vinculados coa organización da escola.

**Institucionais**
Dos obxectivos formulados, só algúns atinxen o aspecto institucional.

**Lingüísticos**
Dos obxectivos formulados só algúns atinxen o aspecto lingüístico.

## OFERTA PRESENTADA SERVICIOS Y MATERIALES, SA

**Pedagóxicos**
Recolle os obxectivos xerais da etapa de educación infantil e concreta os obxectivos establecidos no currículo para esta etapa educativa de 0-3 anos, de acordo coas áreas de coñecemento establecidas no decreto que as regula.

**Administrativos**
Propón a formulación de obxectivos vinculados coas tarefas administrativas propias dunha escola.

**Organizativos**
Propón axeitadamente a súa formulación.

**Institucionais**
Dos obxectivos formulados, só algúns atinxen o aspecto institucional.

**Lingüísticos**
Propón axeitadamente a súa formulación.

## OFERTA PRESENTADA POR EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SL

**Pedagóxicos**
Propón a formulación de novos obxectivos, sen garantir a consecución dos obxectivos establecidos no decreto.

**Administrativos**
Vincula as funcións da dirección cos obxectivos administrativos sen a formulación dos mesmos, facendo referencia aos procesos de matriculación, ao libro de rexistro, informes de avaliación, protección de datos, entre outros.

**Organizativos**
Propón a formulación de obxectivos, algúns deles, vinculados coa organización da escola.

**Institucionais**
Propoñen algúns obxectivos requiridos para este apartado.

**Lingüísticos**
Propón axeitadamente a súa formulación e inclúe neste apartado o Plan de Normalización Lingüística, cos seus obxectivos.

## OFERTA PRESENTADA AURORA, PILAR Y ANA SL

**Pedagóxicos**
Propón a formulación de novos obxectivos tomando como referencia os establecidos no decreto.

**Administrativos**
Propoñen obxectivos requiridos para este apartado.

**Organizativos**
Propón a formulación de obxectivos, algúns deles, vinculados coa organización da escola.

**Institucionais**
Propoñen obxectivos requiridos para este apartado.

**Lingüísticos**
Propón a formulación de obxectivos, algúns deles, vinculados co aspecto lingüístico.

## OFERTA PRESENTADA LOS PEQUES SL

**Pedagóxicos**
Concreta os obxectivos establecidos no currículo para esta etapa educativa de 0-3 anos, de acordo coas áreas de coñecemento establecidas no decreto que as regula. Recolle ademáis unha relación de obxectivos especificos por tramo de idade.

**Administrativos**
vincula as funcións da dirección cos obxectivos administrativos pero erroneamente indica que a escola contará con tres unidades.

**Organizativos**
Propón axeitadamente a súa formulación.

**Institucionais**
Propón a formulación de obxectivos, algúns deles, vinculados co aspecto institucional.

**Lingüísticos**
Propón axeitadamente a súa formulación.

## OFERTA PRESENTADA ANA NAYA GARCÍA SL

**Pedagóxicos**
Concreta os obxectivos establecidos no currículo para esta etapa educativa de 0-3 anos, de acordo coas áreas de coñecemento establecidas no decreto que as regula.

**Administrativos**
Os obxectivos propostos non están formulados de acordo co seu carácter administrativo.

**Organizativos**
Propón a formulación de obxectivos, algúns deles, vinculados coa organización da escola.

**Institucionais**
Propón a formulación de obxectivos, algúns deles, vinculados coa organización da escola.

**Lingüísticos**
Propón a formulación de obxectivos, algúns deles, vinculados coa organización da escola

# TÁBOA DE PUNTUACIÓNS ACADADAS POLOS DISTINTOS LICITADORES NO APARTADO:

## III. OBXECTIVOS

| CRITERIOS NON AVALIBLES MEDIANTE CIFRAS | PUNTUACIÓN MÁXIMA | LICITADORES E PUNTUACIÓN ACADADA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | FESAN-FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES | PROMOCIÓN DE LA FORMACIÓN LAS PALMAS SL | SANSIBRÁN SL | SERVICIOS Y MATERIALES S.A | EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, SA | AURORA, PILAR Y ANA SL | LOS PEQUES, SL | ANA NAYA GARCÍA SL |
| III. OBXECTIVOS | 5 | | | | | | | | |
| PEDAGÓXICOS | 1,00 | 1,00 | 0,25 | 0,25 | 1,00 | 0,25 | 0,25 | 1,00 | 0,75 |
| ADMINISTRATIVOS | 1,00 | 1,00 | 0,50 | 0,25 | 0,75 | 0,25 | 0,50 | 0,25 | 0,25 |
| ORGANIZATIVOS | 1,00 | 1,00 | 0,25 | 0,50 | 1,00 | 0,25 | 0,25 | 1,00 | 0,25 |
